Comprender textos redactados na lingua de partida tanto a nivel comunicativo como a nivel cultural. Coñecer a historia e as culturas das dúas linguas co fin de entender perfectamente os textos así como dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais.	CB1 CE2 CE4 CT2 CT15 CT17 CT23
Afondar na estrutura e os principios organizadores dun texto. Diferenzar os diferentes tipos de texto (literarios, publicitarios, xornalísticos...) e as súas características (argumentativos, expositivos...).	CB2 CB3 CE4 CE8 CE18 CT22 CT23
Saber traducir un texto sen interferencias. Identificar os participantes no proceso de tradución e a función comunicativa do texto. Analizar textos con vistas á súa tradución. Coñecer e empregar as distintas técnicas e estratexias de tradución. Traducir textos non especializados. Identificar os problemas de tradución e aprender a resolvelos. Traballar con textos paralelos. Manexar as ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña e en papel...). Identificar problemas ortotipográficos e aprender as estratexias e normas para resolvelos. Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Coñecer as normas de presentación de tradución. Coñecer o mercado laboral. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	CB4 CB5 CE17 CE18 CE22 CE24 CE27 CT4 CT7 CT9 CT15 CT18 CT22 CT23

Contidos

Tema	
1. Tradución do francés cara ó galego	1.1. Estratexias de tradución e análise contrastiva de traducións
2. O proceso de tradución entre o francés e o galego	2.1. Recursos de documentación básicos 2.2. Recursos de documentación especializada 2.3. Elaboración de encomendas e xestión de proxectos de tradución

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	10	15	25
Obradoiros	11	16	27
Saídas de estudo/prácticas de campo	4	8	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	17	43	60
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	20	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades para tomar contacto co alumnado e para presentar a materia en relación ós obxectivos, contidos, actividades que se levarán a cabo e a avaliación.
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que deberá desenvolver o alumnado.
Obradoiros	Os obradoiros son a principal ferramenta diagnóstica. Neles propóranse traducións dirixidas, co fin de tentar a competencia tradutora do alumnado. Ó mesmo tempo, as traducións dirixidas permitirán familiarizarse co método de traballo e de avaliación do profesor.

Saídas de estudo/prácticas de campo	O grupo de estudantes, orientado polo docente, percorrerá lugares ou instalacións e/ou visitará exposicións ou eventos relacionados cos contidos da materia. O obxectivo da saída de estudo é de identificar e analizar produtos ou prácticas reais de tradución en medio urbano, público ou privado (dependendo da autorización correspondente). Para a saída contarase cos medios económicos e co apoio loxístico que facilitará a Universidade de Vigo. A presencialidade (4 horas) corresponde a 2 sesións de dúas horas que non se impartirán na aula, e equivalentes a media xornada. Nesta ocasión, a docencia trasladarase fóra do campus, ó lugar da saída de estudo. De non ser posible organizar a saída por dificultades de organización co espazo receptor, as horas correspondentes destinaranse a obradoiros, e as actividades que neles se fagan contarán para a nota do curso, na porcentaxe prevista.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan situacións e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Prestaráselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Obradoiros	Prestaráselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Prestaráselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse e entregaranse ata 5 encomendas de tradución características do tipo de dificultades que se abordan na aula. Elaborarase unha nota media a partir das 3 mellores notas das 5 encomendas.	60	CB1 CB2 CB3 CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE33 CT2 CT4 CT7 CT9 CT18 CT22 CT23
Saídas de estudo/prácticas de campo	Serán valorados os textos (informes, redaccións, traducións, resumos etc.) xerados polo alumnado como resultado da súa experiencia na saída de estudos.	20	CB4 CB5 CE17 CE24 CE27 CT4 CT7 CT9 CT15 CT18 CT22 CT23

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realizarase na aula unha proba manuscrita de tradución con tempo limitado (2 horas). A non ser que o docente sinala o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica.	20	CB2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE27 CE33 CT2 CT4 CT7 CT9 CT18 CT22
---	--	----	---

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua

Nas dúas primeiras semanas de clase o alumnado deberá comunicarlle ó docente a súa intención de acollerse á avaliación continua. Propóranse fórmulas individualizadas para garantir que o alumnado que non poida asistir regularmente ás sesións presenciais teña a oportunidade de cursar a materia en réxime de avaliación continua.

As competencias do alumnado serán avaliadas en función de tres metodoloxías diferentes:

a) Mediante a resolución de exercicios, baixo a forma de tradución de encomendas (60% da nota final). A nota media dese bloque metodolóxico calcularase a partir das 3 mellores notas das 5 encomendas. A primeira encomenda de tradución deberá entregarse na última semana de setembro de 2016. A segunda encomenda de tradución deberá entregarse na segunda semana de outubro de 2016. A terceira encomenda de tradución deberá entregarse na primeira semana de novembro de 2016. A cuarta encomenda de tradución deberá entregarse na terceira semana de novembro de 2016. A quinta encomenda de tradución deberá entregarse na segunda semana de decembro de 2016.

b) Mediante o resultado das respostas achegadas durante a fase de traballo de campo na saída de estudos (20% da nota final). No caso de que as circunstancias impidisen o desenvolvemento da saída de estudos, a porcentaxe da nota final correspondente a esta metodoloxía de avaliación (20%) transferirase para o bloque de tradución de encomendas. Estas pasarían logo a representar o 80% da nota final.

c) Mediante a corrección da proba práctica na aula (20% da nota final). A proba práctica en aula terá lugar na segunda semana do mes de decembro de 2016.

Convocatoria da primeira edición de actas (decembro de 2016)

O alumnado que non se acolla á avaliación continua poderá realizar un exame final e único fixado na data que sinala o calendario de exames da FFT. Este exame consistirá nunha tradución fr>gl con tempo limitado (2 horas). Esta proba representará o 100% da nota. A non ser que o docente sinala o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica para a realización da proba.

Convocatoria da segunda edición de actas (xullo de 2017)

O alumnado que obtivese unha cualificación de suspenso nas probas da avaliación continua ou na convocatoria da primeira edición de actas (decembro de 2016) deberá presentarse á convocatoria da segunda edición de actas (xullo de 2017) que fixe o calendario oficial da Facultade.

Este exame consistirá nunha tradución fr>gl con tempo limitado (2 horas). Esta proba representará o 100% da nota. A non ser que o docente sinala o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica para a realización da proba.

O plaxio ou copia cualificarase cun 0, que computará para a nota final. O exercicio ou traballo que sexa obxecto de copia ou plaxio non se poderá repetir.

Os erros de lingua que sobreparen a proporción de tolerancia fixada polo docente durante o curso provocarán o suspenso de calquera traballo ou exame realizado.

Bibliografía. Fontes de información

Esta bibliografía básica completárase durante o curso.

Diccionario monolingüe francés

Centre national de Ressources textuelles et lexicales (2014). En red [<http://cnrtl.fr/definition/>]

Diccionario monolingüe galego

Real Academia Galega (2014) Diccionario da Real Academia Galega. En red [<http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>]

Libros de estilo francés

Bureau de la Traduction (2000) Le guide du rédacteur. 2e édition. Ottawa: Ministre des Travaux publics et Services Gouvernementaux Canada.

Libros de estilo galego

DOSIL, B. & RIVEIRO, Xesús (2004) Diccionario de Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova Editorial.

Real Academia Galega, Instituto da Lingua Galega (2004) Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego. Santiago de Compostela: RAG-ILG.

Lecturas obrigatorias

A comezos de curso indicáranse as lecturas obrigatorias en francés.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, III: Francés-Galego/V01G230V01607

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104

Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés/V01G230V01204

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418

Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés/V01G230V01404

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

Tradución idioma 1, I: Francés-Galego/V01G230V01311

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 1, II: Francés-Español				
Materia	Tradución idioma 1, II: Francés-Español			
Código	V01G230V01505			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cruces Colado, María Susana			
Profesorado	Cruces Colado, María Susana			
Correo-e	scruces@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo xeral é desenvolver e afianzar unha competencia tradutora entre o francés e o español que permita unha posterior profundización en diferentes ámbitos de especialidade. Este obxectivo xeral desenvólvese a través dunha serie de obxectivos metodolóxicos, profesionais, contrastivos e textuais cuxa finalidade é ofrecer ferramentas e estratexias para solucionar os problemas xerais da actividade tradutora do francés ao español.			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral	• saber • saber facer
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber facer
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada	• saber facer
CE6	Utilización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación	• saber
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber facer
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión	• saber facer • Saber estar / ser
CE14	Dominio de ferramentas informáticas	• saber facer
CE17	Capacidade de tomar decisións	• saber facer • Saber estar / ser
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística	• Saber estar / ser
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos	• saber facer • Saber estar / ser
CT4	Resolución de problemas	• saber facer • Saber estar / ser
CT7	Toma de decisións	• saber facer • Saber estar / ser
CT9	Razoamento crítico	• saber facer • Saber estar / ser
CT12	Traballo en equipo	• saber facer • Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	• saber facer • Saber estar / ser
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes	• saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
(*)2- Analizar textos na lingua de Idioma *II, identificando tanto as *especificidades lingüísticas e de xénero *textual, como as referencias culturais e de civilización do país de onde proveñen devanditos textos para a súa plena comprensión	CE2 CE4 CE13 CE28 CT4 CT7 CT9 CT17

(*)3- Identificar as dificultades do texto a traducir, para *planear *razonadamente as estratexias de tradución, adaptadas á función do texto, do seu soporte e dos seus *destinatarios	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE17 CT3 CT4 CT7 CT9 CT17
(*)4- Producir un texto traducido en Lingua I (español) seleccionando o material lingüístico que cumpra cos *estándares de norma e uso de textos orixinais similares, contrastándoo para iso con textos paralelos. Aplicar criterios razoados de *revisión	CE3 CE4 CE8 CE14 CE17 CT3 CT4 CT7 CT9 CT12 CT14 CT17
(*)5- *Interiorizar o papel do tradutor en tanto que *mediador cultural e traballador que atende ás *pautas profesionais e *deontolóxicas do seu labor	CE6 CE9 CE17 CE28 CT3 CT4 CT7 CT9 CT12 CT14 CT17

Contidos

Tema	
Bloque I: Tradución e equivalencia: aplicación á tradución do francés ao español	Unidade 1: Análise de estratexias tradutoras: crítica de traducións
Bloque II: Tradución e proceso: o traballo do tradutor entre o francés e o español	Unidade 2: Recursos de documentación Unidade 3: Sistema de traballo: elaboración de encargos / proxectos de tradución
Bloque III: Tradución e textos: estratexias para a tradución de textos entre o francés e o español	Unidade 4: Tipos textuais e tradución Unidade 5: Dialectos e tradución: problemas derivados da variación respecto ao usuario
. OBSERVACIÓNS : A presentación secuencial dos diferentes bloques e unidades que configuran o programa constitúe unha maneira lóxica de organizalos, pero non se trata de compartimentos estancos, senón que todos están claramente interrelacionados. As actividades deseñadas para o desenvolvemento de cada unidade están concibidas para que ao longo do curso váianse incorporando ao sistema de traballo os diferentes aspectos abordados, aínda que desde o punto de vista didáctico se focalicen uns ou outros de maneira paulatina e específica.	Unidade 6: Rexistro e tradución: problemas derivados da variación respecto ao uso Unidade 7: Xéneros e tradución

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	5	10	15
Traballos de aula	31	0	31
Presentacións/exposicións	6	6	12
Traballos e proxectos	0	10	10

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	41	41
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	35	39

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión presencial inicial na que: 1) preséntanse os diferentes aspectos da materia en relación con: contidos (contextualizados no módulo e no grao), planificación e metodoloxía docente e sistema de avaliación; 2) resólvense posibles dúbidas en relación con estas cuestións; 3) realízase unha avaliación diagnóstica (con fins informativos, sen repercusión na avaliación final).
Sesión maxistral	Exposición por parte da docente dos contidos da materia obxecto de estudo. Dada a natureza esencialmente práctica da materia este tipo de clases será moi reducido e utilizaranse para: a) introducir as diferentes unidades b) sistematizar aspectos abordados, problemas e estratexias tradutoras. c) establecer as directrices de encargos/proxectos, e exercicios ou actividades a desenvolver polo/a estudante.
Traballos de aula	Realización de diversas actividades (exercicios prácticos, revisión e preparación de encargos ou proxectos de tradución, etc.) deseñadas para o desenvolvemento dos obxectivos do programa. Realízanse na aula, coa supervisión dos docentes. Traballárase combinando o traballo individual co traballo en grupo. Concíbense como talleres cuxa finalidade é realizar unha simulación selectiva das condicións de traballo propias da práctica profesional, aínda que tendo en conta que estamos nunha fase de aprendizaxe. Poden estar vinculados ao desenvolvo actividades autónomas do estudante
Presentacións/exposicións	Exposición por parte dos/as estudantes na aula dos textos de lectura obrigatoria (nas clases presenciais entregarase a relación) e/ou outras posibles actividades que se poidan propor. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas tutorías. Para facilitar o seguimento do curso, parte dos contidos do mesmo estarán dispoñibles na plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es A docente tratará de sistematizar as dúbidas, as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo de maneira que se garanta o acceso á información e ao ensino/aprendizaxe.
Traballos e proxectos	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou nas tutorías. Para facilitar o seguimento do curso, parte dos contidos do mesmo estarán dispoñibles na plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es A docente tratará de sistematizar as dúbidas, as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo de maneira que se garanta o acceso á información e ao ensino/aprendizaxe.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

<p>Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.</p>	<p>1.1. Encargo(s) de tradución para entregar (valor total: 20%): tradución do francés ao castelán de texto(s) que se propoñan durante o curso. A tradución debe ir acompañada de: análise do TO, comentario de dificultades, bibliografía e fontes de documentación consultadas e outros aspectos que se poidan indicar como, por exemplo, facturas. As datas de entrega concretas e características máis detalladas precisaranse nas clases presenciais.</p> <p>1.2. Proxecto de tradución (valor total: 30%): encargo de tradución dun ou varios textos, máis extenso que os encargos indicados no punto 1. A tradución debe ir acompañada de: análise do TO, comentario de dificultades, bibliografía, fontes de documentación consultadas e outros aspectos que se poidan indicar como, por exemplo, facturas. A data de entrega e características máis detalladas deste proxecto precisaranse nas clases presenciais.</p>	<p>50</p>	<p>CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE8 CE9 CE13 CE14 CE17 CE28 CT3 CT4 CT7 CT9 CT12 CT14 CT17</p>
<p>Traballos e proxectos</p>	<p>Pode incluír, entre outros: a) Resumo escrito dos textos de lectura obrigatoria que se propoñan e/ou b) Realización doutras posibles actividades que se poidan propor vinculadas con estas lecturas ou os contidos do curso e non se especificaron nos apartados anteriores.</p>	<p>10</p>	<p>CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE8 CE9 CE13 CE14 CE17 CE28 CT3 CT4 CT7 CT9 CT12 CT14 CT17</p>

Resolución de problemas e/ou exercicios	<p>Exames</p> <p>Realizaranse dous exames ao longo do curso. O primeiro terá lugar ao redor da metade do cuadrimestre e a data concreta acordarase nas clases presenciais. O segundo na data oficial de exame da materia.</p> <p>É necesario obter un 5 neste para poder facer a media co anterior. Ademais disto, se o segundo exame ten unha cualificación 1 punto por encima do primeira, só se contará esta segunda cualificación.</p> <p>Características dos exames: a) Duración: 2 horas; b) Tradución dun texto en francés ao castelán. Poderase pedir, así mesmo, unha breve caracterización do TO; c) Extensión: ao redor de 600 palabras; d) Permítese a consulta de documentación en papel (dicionarios e outras obras de consulta (libros de estilo, gramáticas, etc.), que o/a estudante considere oportuno (a documentación levaraa cada estudante); e) Non se permite a consulta de apuntamentos ou outro tipo de notas, nin recursos informáticos ou electrónicos.</p>	40	CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE8 CE9 CE13 CE14 CE17 CE28 CT3 CT4 CT7 CT9 CT14 CT17
---	--	----	---

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma *FAITIC e de estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas, etc.

Avaliación continua (condicións e criterios):

Para optar pola *evaluación continua é necesario realizar e entregar, nos prazos previstos e de acordo cos sistemas que se indiquen, todos os encargos, proxectos, traballos e actividades que se propoñan ao longo do curso.

#Recomendar por tanto asistir de maneira regular ás clases e participar de forma activa nas mesmas.

Aquelas persoas que por motivos de traballo ou familiares non poidan asistir ás clases, deben comunicalo persoalmente á profesora para que esta tome as medidas compensatorias para facilitar a conciliación laboral e familiar.

A avaliación continua da materia realizarase de acordo cos criterios e porcentaxes que se indicaron nos parágrafos precedentes e que se resumen como segue:

- Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas : encargo(*s) 20%, proxecto 30%

- Resolución de problemas e/ou exercicios: exames 40%. É necesario que a nota do segundo exame sexa igual ou superior a 5 para proceder a aplicar as porcentaxes indicadas.

-Traballos e actividades (10%) : poden incluír resumos de lecturas e/ou outras posibles actividades relacionadas coas devanditas lecturas ou os contidos da materia.

A nota final será o resultado da aplicación das porcentaxes indicadas sempre que se reúnan as condicións e aspectos sinalados como necesarios para este sistema de avaliación.

Os/as estudantes que non superen a materia por este sistema de avaliación continua poderán presentarse ao exame da convocatoria de xullo (indicarase a cada estudante, en función das cualificacións obtidas se debe realizar todas as probas previstas nese exame (ver o indicado en apartado seguinte: *B.2 características) ou só algunha delas e, en función disto, as porcentaxes a aplicar). Para superar a materia será necesario obter unha nota igual ou superior a cinco en cada unha das probas ás que haxa que presentarse (ver o indicado en apartado seguinte: *B.2 características)

*B) **Avaliación única** (todas as convocatorias) :

Opción prevista *paralos/as estudantes que non se acolleron ao sistema de avaliación continua ou que teñen a materia pendente de anos anteriores.

*B.1) Datas:Existen dúas posibilidades

*Convocatoria final cuadrimestre: Data e hora fixada polo Decanato

IMPORTANTE: os estudantes que opten por este sistema de avaliación única deben *ponerse en contacto por *mail cos docentes coa antelación suficiente (non máis tarde da semana do 28 de novembro de 2016).

*Convocatoria xullo: data fixada polo Decanato, figurará na web da Facultade.

*B.2)Características: a avaliación da materia realizarase por medio das seguintes probas:

1) **Proba práctica (40%):**a)Realización en *elaula; *b)Duración: 2 horas; *c)Tradución dun texto en francés ao castelán, poderase pedir así mesmo unha breve caracterización do *TO; d)Extensión: ao redor de 600 palabras;e) Permítese a consulta de documentación en papel (dicionarios e outras obras de consulta (libros de estilo, gramáticas, etc.),que o/a estudante considere oportuno e que levará a esta proba;*f) Non se permite a consulta de apuntamentos ou outro tipo de notas, nin recursos informáticos ou electrónicos.

2) **Proba teórica (20%):**a)Realización na aula, despois da proba práctica; *b)Duración: 1 hora; *c)Preguntas sobre cuestións relacionadas coa tradución do francés ao castelán que figuren no programa e/ou nas lecturas obrigatorias.

3) **Encargo/proxecto de tradución(40%):**a) Realización fose da aula; *b) O día do exame entregárase un dossier de textos en francés que hai que entregar no prazo que se indicará nese momento (entre 4 e 7 días en función da dispoñibilidade de tempo polas datas asignadas para o exame).

- Aspectos que se deben incluír:a) Análise de cada texto obxecto de tradución; *b) Textos traducidos; *c) Comentario das dificultades que se atoparon en cada un dos textos traducidos, xustificando as solucións adoptadas; d) Facturas; e) Bibliografía e fontes de documentación que se manexaron.

NOTA: Para aplicar os porcentaxes indicadas ,a cualificación obtida en cada unha das diferentes probas debe ser igual ou superior a 5. A orde de corrección das probas será: primeiro exame práctico, en caso de reunir a condición indicada (nota igual ou superior a 5) corríxirase o exame teórico e en caso de reunir a condición indicada (nota igual ou superior a 5) corríxirase o encargo.

Os/as estudantes que opten por este sistema de avaliación única e non superen a materia na convocatoria do final do cuadrimestre, poderán realizar na *convocatoriade xullo de novo o tres probas previstas no exame. As características das devanditas probas, as porcentaxes de valoración e as condicións de aplicación do *smismos serán os indicados nas liñas precedentes deste apartado dedicado á avaliación única.

Bibliografía. Fontes de información

NOTA: As referencias que se inclúen neste apartado constitúen unha bibliografía moi básica.Nas sesións presenciais proporcionarase unha bibliografía complementaria, presentaranse os recursos dispoñibles en liña para a tradución do francés ao español e entregárase unha bibliografía de lectura obrigatoria.

DELISLE, J. 2003.*La traduction raisonnée*, Ottawa: Presses de l'Université d'Ottawa, 2e éd.

GARCÍA YEBRA, V. 1989.*Teoría y práctica de la traducción*, Madrid: Gredos, 2 vols., 2ª ed.

HURTADO ALBIR, A. 2011.*Tradución y Traductología. Introducción a la Traductología*, Madrid,Cátedra, 5ª ed.

1.2. Tradución francés-español

VERDEGAL, J. 2010. *Me gusta traducir del francés: curso de traducción general*, Oviedo: Septem Edicións

1.3.1.- Bilingües

1.3.2. Dicionarios monolingües

CNRS-ATILF. 2002. *Trésor da ROBERT, P. 2014.LI Nouveau Petit Robert de la langue française 2015*, París: Le Robert.

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA. 2005.*Diccionario de la lengua española*, Madrid: Espasa Calpe, 23ª ed.(22ª ed.http://www.rae.es) [Consulta:06/06/2015].

1.4. Libros de estilo

BUREAU DE LA <http://www.btb.termiumplus.gc.ca/tpv2guides/guides/redac/index-fra.html?lang=fra>[Consulta:06/06/2015].

MARTÍNEZ de SOUSA, J. 2012.*Manual de estilo de la lengua española (MELE 4)*, Gijón: Trea, 4ª ed.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, III: Francés-Español/V01G230V01608

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104

Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés/V01G230V01204

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418

Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés/V01G230V01404

Tradución idioma 1, I: Francés-Español/V01G230V01312

Outros comentarios

Dadas as características da materia, é necesario que todos os estudantes -incluídos os estudantes erasmus- que decidan cursala a través do sistema de avaliación continua intégrense e participen na mesma desde a data de inicio do cuadrimestre.

Nivel de francés mínimo recomendado para matricularse nesta materia: nivel C1 segundo o Marco Europeo de Referencia.

Estudantes *erasmus, nivel de español mínimo recomendado para matricularse nesta materia: nivel C1 segundo o Marco Europeo de Referencia.

Con respecto á avaliación de traballos ou proxectos, se se detecta que estes (ou algunha dos seus partes) son plaxios ou non son de autoría propia, a cualificación da materia será 0 e haberá que presentarse a outra convocatoria.

Ante a posibilidade de non poder dispor dunha das aulas de informática da Facultade durante as horas presenciais, é necesario que, para poder seguir o traballo previsto na materia, os/as estudantes dispoñan dun computador co que poidan asistir ás sesións presenciais.

Esta materia é continuación da materia de 2º curso Tradución Idioma I, 1 (francés- español).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, II: Inglés-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, II: Inglés- Galego			
Código	V01G230V01506			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Álvarez Lugrís, Alberto			
Profesorado	Álvarez Lugrís, Alberto Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	alugris@uvigo.es			
Web	http://http://faitic.uvigo.es - http://alugris.paratraduccion.com			
Descrición xeral	<p>Esta Tradución inglés-galego é unha materia obrigatoria 6 créditos ECTS situada no primeiro cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Tradución e Interpretación. En xeral, as distintas materias de tradución concíbense como continuación da materia de Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación e como un afondamento do alumnado no proceso tradutor e en tódolos parámetros que o determinan. É unha disciplina que proporciona unha formación básica e xeneralista. Básica porque o alumnado afonda nos rudimentos tanto teóricos como sobre todo prácticos para facerlles fronte ás encargas de tradución e ó resto de materias do grao; xeneralista porque se lle presentan unha grande cantidade de tipos textuais, encargos e problemas de tradución que emulan o traballo real que existe fóra da aula.</p> <p>Os textos cos que se adoita traballar nesta materia teñen un baixo grao de especialización no sentido de que non presentan grandes problemas de terminoloxía nin de documentación sobre campos temáticos especializados, pero non se pode dicir que sexan textos especialmente sinxelos ou básicos. De feito, tódolos materiais cos que o alumnado traballa tanto na clase como individualmente son reais e non adaptados, susceptibles de seren obxecto de tradución e non simples actividades creadas ad hoc.</p> <p>Podemos dicir que a Tradución idioma II é, xunto coa Antropoloxía de primeiro curso, a base común da formación de tradutores e intérpretes. Falamos de base común porque as dúas actividades (tradución e interpretación) se poden ver como dúas variantes dun mesmo comportamento social de mediación na comunicación. Existen, por suposto, diferenzas entre ámbalas dúas, pero tras delas subxace unha mesma actividade de transferencia.</p> <p>Esta materia mantén por iso estreitas relacións didácticas, pedagóxicas, conceptuais e de procedemento coas demais materias do grao, xa que afonda nas ferramentas do proceso tradutor, que lle servirán ó alumnado para encarar, por exemplo, o estudo das traducións especializadas, inversas, etc.</p> <p>Correo electrónico do profesorado:</p> <p>Liliana Valado: lilianavalado@uvigo.es Alberto Álvarez Lugrís: alugris@uvigo.es</p>			

Competencias		
Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber • saber facer
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer • Saber estar / ser
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber • saber facer
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	• saber
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo	• saber • saber facer
CE8	Destreza para a procura de información/documentación	• saber facer
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais	• saber

CE10	Capacidade de traballo en equipo	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer • Saber estar / ser
CE17	Capacidade de tomar decisións	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer • Saber estar / ser
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer
CE22	Destrezas de tradución	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> • saber
CT4	Resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer
CT7	Toma de decisións	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer
CT9	Razoamento crítico	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer
CT14	Motivación pola calidade	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer
CT16	Adaptación a novas situacións	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer • Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Saber cales son os criterios que definen unha actuación pertinente, relevante e oportuna dentro da cultura de chegada e de partida, como afastarse deles e que consecuencias terá esa decisión	CB1 CB2 CB3 CB4 CE2 CE4 CE8 CE9 CE22 CT1
Domina-los mundos textuais e mitolóxicos das dúas culturas coas que traballa, as distintas convencións sociais e, sobre todo, o papel do tradutor en ámbalas dúas	CB1 CB2 CB4 CE2 CE4 CE17 CE18 CT4 CT9
Ser quen de se adaptar a un mercado laboral cambiante que esixe de contino novas especializacións temáticas	CB1 CB2 CB4 CB5 CE17 CT9 CT14
Estar ó día das innovacións tecnolóxicas que afectan o desenvolvemento da súa profesión: novas formas de comunicación, novas fontes documentais, novos soportes da información, novos sectores de mercado, etc.	CB2 CB3 CB4 CE18 CE22 CT14 CT16
Relacionarse profesionalmente cos demais actores implicados no proceso de tradución: iniciador, cliente, informantes e expertos, receptores, etc. : a) desenvolver habilidades para as relacións interpersoais e o traballo cooperativo; b) aprender a traballar en equipos de carácter transdisciplinar; c) adquirir un compromiso ético ante o labor tradutor; d) aprender a asumir responsabilidades; e) aumentar o grao de confianza do alumno nas súas propias capacidades: autoconcepto de tradutor profesional; f) crear un espírito crítico e autocrítico.	CB1 CB2 CB3 CB4 CE10 CE17 CE18 CE22 CT4 CT7 CT9 CT14

Contidos

Tema	
1. A Tradución en Galicia. O tradutor no seu contexto: paratradución, ética e responsabilidade do tradutor.	- lingua, literatura e tradución. - historia da tradución en Galicia: a Idade Media; do Rexurdimento ó Golpe de Estado do 1936; a ditadura franquista; a época actual. - a tradución como compromiso. - traducir en Galicia na actualidade. - bibliografía: Even-Zohar (1996), Figueroa (2001), Woodsworth (1996), Ferro Ruibal (1999), González Millán 1995), Milán Varela (1996, 1998), Noia Campos (1995).
2. Tradución de textos literarios: relato curto	- Lectura crítica e interpretación de textos
3. Introducción á tradución audiovisual: cinema	- Historia e técnicas da tradución audiovisual: dobraxe e subtitulación
4. Tradución de ensaio humanístico. O tradutor profesional	- o tradutor profesional - presentación e entrega de traducións - elaboración de facturas - ergonomía e saúde laboral
5. Introducción á tradución de textos de especialidade	- problemas terminolóxicos - redacción bibliográfica

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Estudo de casos/análises de situacións	33	66	99
Prácticas autónomas a través de TIC	3	18	21
Sesión maxistral	8	16	24
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación do curso e do programa. Creación de grupos de traballo. Tarefas de xestión e administración da conta do alumnado en TEMA e noutras aplicacións que se empregarán no curso.
Estudo de casos/análises de situacións	Preséntaselle ó alumnado unha situación real de tradución ante a cal deberá de tomar unha serie de decisións sobre como realizar a encarga e solucionar os problemas que presenta.
Prácticas autónomas a través de TIC	A través da plataforma TEMA e doutras TIC da web 2.0 o alumnado deberá desenvolver e entregar traballos, responder a encargas, participar en debates, realizar cuestionarios de autoavaliación, participar no traballo en grupos, etc.
Sesión maxistral	Nestas sesións o profesor presentará: a) os temas introdutorios que servirán de marco de traballo para o resto do cuadrimestre, b) as cuestións metodolóxicas e técnicas relevantes en cada encarga de tradución

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Sesión maxistral	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Actividades introductorias	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Prácticas autónomas a través de TIC	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Estudo de casos/análises de situacións	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA. Ten como obxectivo: a) asesorar o alumnado sobre a realización das distintas encargas que se propoñan ó longo do curso. b) ofrecer axuda para a xestión dos grupos de traballo nos que se integren. c) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Sesión maxistral	Probas propostas ó fin dos contidos das sesións maxistrals	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CT4 CT7 CT14 CT16

Prácticas autónomas a través de TIC	Valoración das distintas actividades realizadas polo alumno en TEMA	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE2 CE4 CE8 CE10 CE17 CE18 CE22 CT1 CT4 CT7 CT9 CT14 CT16
Estudo de casos/análises de situacións	Axeitamento dos exercicios propostos e das traducións realizadas e entregadas á encarga e á situación de tradución	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE2 CE4 CE8 CE9 CE10 CE17 CE18 CE22 CT1 CT4 CT7 CT9 CT16
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame final	60	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CT1 CT4 CT9 CT14 CT16

Outros comentarios sobre a Avaliación

Nas dúas primeiras semanas de clase, todos os alumnos deberán entregarlle ó profesor da materia unha ficha de datos con foto. Non se avaliará ningún alumno que non entregue a ficha.

Para ter dereito á avaliación continua e a unha cualificación final, o alumnado deberá entregar e participar en tódalas actividades previstas na materia.

Faranse polo menos dúas probas escritas, unha cara á metade do cuadrímetro e outra ao final do mesmo, esta última celebrárase na data fixada pola facultade. Nas distintas probas propostas será imprescindible responder todas as preguntas. Salvo que se indique outra cousa, pódese responder en calquera das dúas linguas de traballo da materia.

Para os alumnos que sigan a avaliación continua gardaranse as cualificacións das partes superadas para a convocatoria de xullo.

Con respecto á corrección dos exames e exercicios, cómpre sinalar que se lle prestará unha especial atención ó dominio das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Tres erros ortotipográficos ou morfosintácticos invalidarán calquera exame ou exercicio. Se se detecta que os traballos, actividades ou exames son plaxios, a cualificación será 0.

Nos exames permitirase o uso de dicionarios, apuntamentos, ordenador con conexión a internet e outros materiais.

No caso do alumnado que non se acollan á avaliación continua, deberá realizar un único exame, que coincidirá coa derradeira das probas da materia e que se celebrará na data fixada pola facultade. O exame terá unha parte teórica (resposta a unha ou dúas preguntas sobre a parte teórica do temario e/ou as lecturas obrigatorias; valor 50%) e outra práctica (tradución dun texto dunhas 350 palabras; valor 50%). Haberá que realizar as dúas partes obrigatoriamente.

Na convocatoria de xullo o alumnado deberá realizar un único exame na data fixada pola facultade. O exame terá unha parte teórica (resposta a unha pregunta sobre a parte teórica do temario; valor 50%) e outra práctica (tradución dun texto dunhas 350 palabras; valor 50%) e cada alumno ou alumna fará a parte ou partes que teña suspensas.

Bibliografía. Fontes de información

1. Bibliografía indispensable.

Xunto ás referencias que eventualmente se lles indiquen ós alumnos en clase, serán indispensables as seguintes obras:

- Álvarez, Rosario & Xove, Xosé. (2002) *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- *Gran Diccionario Xerais da Lingua Galega* (2000) Vigo: Xerais. (Ou equivalente).
- Guinovart, X. (coord.) (2008) *Diccionario CLUVI inglés-galego*. <http://sli.uvigo.es/diccionario/>
- Guinovart, X., Álvarez LUGRÍS & Díaz Rodríguez (2012) *Diccionario moderno inglés galego*. Santiago de Compostela: 2.0 Editora.
- Mossop, Brian (2014) *Revising and Editing for Translators*. Manchester: St. Jerome.
- RAG-ILG (2003) *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. 18ª ed., revisada. A Coruña: RAG-ILGA.
- Webster's *Third New International Dictionary of the English Language Unabridged*. Edited by Philip Babcock Gove (1993). Colonia: Könnemann. (Ou equivalente).

2. Lecturas obrigatorias. (de poder ser, na orde que se citan)

- AENOR (2006) *UNE-EN 15038. Translation Services-Service Requirements*. Madrid: AENOR.
- Gentzler, Edwin (1993) *Contemporary Translation Theories*. Translation Studies Series. Londres/Nova York:Routledge.
- Larose, Robert (1989) *Théories contemporaines dela traduction*. Quebec: Presses de l'Université de Québec. Segunda edición.
- Holmes, James S. (1988) *Translated! Papers on Literary Translation and Translation Studies*. Amsterdam/Atlanta (GA): Editions Rodopi B.V. [Capítulos: □The Name and Nature of Translation Studies□, □Describing Literary Translations: Models and Methods□, □Translation Theory, Translation Theories, Translation Studies and the Translator□, □The Future of Translation Theory: a Handful of Theses□, □The State of Two Arts: Literary Translation and Translation Studies in the West Today□].

- Even-Zohar, Itamar (1996) [Aposición da traducción literaria dentro do polisistema literario]. Traducción galega de Gómez Clemente, Noia Campos e Sola Bravo, *Viceversa. Revista galega de traducción*, nº 2, 1996, pp. 57-65.
- Ferro Ruibal, Xesús (1999) [Reflexións verbo da traducción da Biblia ó galego] en *Viceversa. Revista galega de traducción*, nº 5, 1999, pp. 11-39.
- González-Millán, Xan (1995) [Cara a unha teoría da traducción para sistemas literarios [marxinais]. A situación galega], en *Viceversa. Revista galega de traducción*, nº 1, 1995, pp. 63-72.
- Noia Campos, María Camino (1995) [Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea], en *Viceversa. Revista Galega de Traducción*, nº 1, 1995, pp. 13-62.
- Millán-Varela, Carmen (1996) [A identidade do texto traducido. Arredor do texto galego do Ulysses], en Caneda Cabrera & Pérez Guerra (eds.) (1996) *Os estudos ingleses no contexto das novas tendencias*. Vigo: Universidade de Vigo. Pp. 287-305.
- Millán-Varela, Carmen (1998) [Nacionalismo versus universalismo nos anacos galegos de Ulyses], en *Viceversa. Revista galega de traducción*, nº 4, 1998, pp. 59-76.
- Figueroa, Antón (2001) *Nación, literatura, identidade*. Vigo: Xerais.
- Woodsworth, Judith (1996) [Language, Translation and the Promotion of National Identity. Two Test Cases], en *Target*, nº 8, vol. 2, pp. 211-238.
- Toury, Gideon (1997) [A traducción á lingua hebrea], en *Viceversa. Revista galega de traducción*, nº 3, 1997, pp. 11-24.
- March, Kathleen (1995) [Compromiso e ética da traducción], en *Boletín Galego de Literatura*, nº 14, 2º semestre, pp. 7-46.
- Toury, Gideon (sen data) [Enhancing Cultural Changes By Means of Fictitious Translations], en <http://spinoza.tau.ac.il/~toury/works/fict.htm>
- Rabadán, Rosa (1991) *Equivalencia y traducción. Problemática de la equivalencia transléctica inglés-español*. León: Servicio de Publicaciones de la Universidad de León.
- Fernández Polo, Francisco Javier (1998) [Traducción e Retórica Contrastiva: pasado e perspectivas de futuro da investigación no campo] en *Viceversa. Revista galega de traducción*, nº 4, 1998, pp. 41-57.
- Samuelsson-Brown, Geoffrey (1998) *A Practical Guide for Translators*. Clevedon: Multilingual Matters.
- Chriss, Roger (2000) [Translation as a Profession]. *Xlation.com*. Artigo en liña dispoñible na páxina <http://www.xlation.com/essays/tran01.php>.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502

Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego/V01G230V01605

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés/V01G230V01303

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103

Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés/V01G230V01203

Outros comentarios

En xeral, para cursar as materias de Tradución Idioma 2, II inglés-galego, o alumno deberá posuír certos coñecementos e destrezas previos que se consideran ferramentas básicas de traballo:

- dominio das normas cultas das dúas linguas de traballo e corrección na expresión oral e escrita
- lectura comprensiva de textos (detección de dúbidos sentidos, intencionalidades ocultas, ironía, manipulación ideolóxica, etc.) escritos nas dúas linguas de traballo
- coñecementos de ofimática, comunicación electrónica e internet: procesador de textos, correo electrónico, navegadores, dicionarios e enciclopedias electrónicos, correctores ortográficos, etc.
- uso eficiente dos fondos das bibliotecas, fontes de documentación e dicionarios

Para conseguir estes prerrequisitos proponse o seguinte plano de traballo que o alumno debería desenvolver antes de comeza-lo período de docencia:

- estudo das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (véxase apartado de bibliografía) e da gramática inglesa
 - exercicios de lectura de todo tipo de textos escritos nas dúas linguas de traballo
 - traballo práctico co ordenador para familiarizarse co seu manexo, cos distintos programas e cos diferentes formatos textuais
 - sesións de traballo práctico na rede: busca e consulta de fontes de documentación (dicionarios, enciclopedias), xestión de contas de correo electrónico, envío de arquivos, etc.
 - asistencia ós cursos de formación ofrecidos pola Biblioteca xeral e pola biblioteca da facultade
-

DATOS IDENTIFICATIVOS**Tradución idioma 2, II: Inglés-Español**

Materia	Tradución idioma 2, II: Inglés- Español			
Código	V01G230V01507			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes			
